

06 AGOSTO DO 2009 - NÚMERO 782

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Marcos S. Calveiro

Pouco antes de morrer no búnker, derrotado, Hitler pensa no “home diminuto” que o habita. O “fiel amigo” que acaba de abandonalo, despois de acompañalo toda a vida, sendo o seu mellor conselleiro e tamén o “aciago causante” dos seus erros. Marcos Calveiro imaxina neste relato, que publica en Revista das Letras, o último delirio mesiánico dun Führer que, humillado e consciente da fin do seu proxecto “salvador e redentor”, agarda aínda que “a historia” o “absolva”... Calveiro (Vilagarcía, 1968) foi Premio Nacional da Crítica por *Festina lenta* (Xerais, 2008), unha novela histórica

O home diminuto


Marcos Calveiro

cos libros como arma de coñecemento e liberación como cerne que consolidou o seu espazo no sistema literario galego, pouco despois de que saíse do prelo, no 2006, a súa primeira novela: *Sari, soñador de mares*. Nese mesmo ano, o seu poemario *Cartas do terceiro día* foi recoñecido co VII Premio de Poesía Concello de Carral. En 2007 publicou a novela xuvenil *Rinocerontes e quimeras*, e recibiu o XVIII Premio Ala Delta de Literatura Infantil pola súa novela *O carteiro de Bagdad*. Un ascenso vertixinoso cara ao recoñecemento da crítica e o público que se alicerza na súa capacidade para recrear con acerto mundos e tempos afastados, o seu dominio da lingua e da estrutura narrativa, a profundidade coa que trata as súas personaxes e o seu fondo calado en temas como a soidade humana, as dificultades para a inserción social, a opresión, a arela de liberación colectiva...



NARRATIVA

Marcos S. Calveiro



home diminuto habita dentro de min. Xa esquecín dende cando me acompaña. Talvez sempre estivo aí, dende o mesmo ventre, vizoso berce das nosas existencias, agochado no máis fondo do meu caletre, aínda baleiro mais atordado pola ledicia buliciosa dos que me agardaban fóra e me falaban e me apalpaban e me cantaban e me acariñaban, inocentes, ignorando as desgrazas, penas e infortunios que moitos, incluso algúns dos que estiveron á miña beira ata o remate, din que trouxen de norte a sur, de leste a oeste, dun continente a outro; e cualifícanme ademais de besta asasina, de monstro perverso, de tolo furioso, de maligno opresor, a min, que só me preocupei polo benestar dos meus, pola saúde moral na nosa gran nación que se dirixía indefectíbel cara a cárcava da máis absoluta ruína, da máis absoluta barbarie. Eu, que fun o salvador e o redentor, o tambor que guiou ao rabaño extraviado polo camiño correcto, o espadeiro que axitou as augas balorentas da indiferenza, da conformidade e da resignación, o ordenanza que procurou a orde no caos que asolagaba o país. Eu, o tambor, o espadeiro e o ordenanza.

Inseparábel compañeiro e fiel amigo, o home diminuto ficou ao meu carón nos momentos máis felices, nas regalías que me deu a vida, e tamén nas tristes ocasións, nos intres lutuosos desta longa e extenuante carreira que a todos nos agarda. Próxima testemuña dalgúns dos meus éxitos e logros, aciago causante de moitos dos meus erros, funesto camarada dos meus fracasos. Cerne das miñas reflexións e decisións, étimo do meu cavilar e matinar, fonte da miña indecisión, ás veces, orixe da miña impetuosidade,

outras. Celme e accidente. Accesorio e substancia. Sempre xuntos e ligados nunha aliaxe indestrutíbel e eterna, duros coma o aceiro dos máis profundos fornos do ártabro, eu, o ferro, el, o carbono indispensábel que me conforma nunha siderúrxica vontade, nun espírito singular forxado na esencia da grandeza e da gloria universal e destinado á definitiva vitoria fronte á barafunda e á confusión.

O home diminuto chorou e saloucou comigo á noitiña entre as coitadas tebras das candeas pola morte do meu ben querido irmán pequeno levado por un sarampelo traizoeiro, malia os esforzos do noso doutor que coidaba dende sempre de todos nosoutros con agarimo e amabilidade, como se fofamos os seus propios fillos, o sangue do seu sangue.

Rimos os dous ás agachadas cando madre nos reprendía por algunha das nosas falcatruadas e sinalaba co seu dedo ameazante o andel da cociña onde ficaban dende a súa morte as cachimbas e pipas de padre, invocando a súa prusiana disciplina, a súa marcial autoridade, a temíbel elasticidade do seu cinto de coiro.

Cabalgou canda min todas as mañanciñas polas corredoiras entre carambos e apaches camiño da escola, soñando coas aventuras de Karl May nas grandes praderías do Oeste e nas cruentas guerras indias, para espertar, de súpeto, no pupitre diante da negra realidade do tinteiro e esborranchar folla tras folla cos cálculos errados, coas trabucadas fórmulas das odiosas matemáticas.

Consoloume o día que me rexeitaron na academia de belas artes, díxome que alí non había sitio para un espírito libre e puro como o meu, que aquel era un niño de víboras, unha tobeira de bestas, que todos aqueles artistas dexenerados cos seus infames pinceis, coas súas cores perversas, cos seus motivos licenciosos e cos seus baixos instintos artísticos só emporcaban a grande e sobranceira tradición da nosa pintura.

Na súa leda compañía bebín e gocei daquela tempada na gran cidade imperial, da prosaica e sinxela vida nos cafés, nos teatros e nas cervexerías, sen inquedanzas nin preocupacións co fondo da máis grandiosa e épica música que poida haber e na que aquel cabaleiro do cisne sen nome nin orixe loita pola princesa de Brabante contra a

maga mentireira e o seu home. Para rematar despois coma un malpocado no hospicio dos marxinados entre ratos, cascudas, capizos e piollos.

Percorremos xuntos a infausta lameira da gran guerra, das trincheiras, dos aramados e dos cadáveres, baixo os letais asubíos das balas, levando mensaxes do mando á fronte, á primeira liña da morte onde os rapaces pelexaban con valentía por un enchoupado anaco de terra allea. Aínda que tamén houbo bos momentos, como aquel Nadal en terra de ninguén cando lle demos a man ao inimigo e cantamos todos xuntos panxoliñas e xaneiras. Despois, tolo e cego polo gas asasino, asistín canda el, no hospital, á derrota e á rendición ante o noso irreconciliábel e teimudo inimigo, á inaceptábel condición de humillados e vencidos.

Ao longo dos anos deume moi bos consellos, as súas observacións e ensinanzas valéronme de moito, aínda que moitas veces ofuscábase e eu trabucábame con el. Debín pechar os oídos as súas andrómenas, desvaríos e delirios, mais o seu incansábel bisbar enxordecía o meu entendemento, anubrábame o sentido e o raciocinio. El errábase e eu seguía coma un roxelo ao matadouro sen sopesar as consecuencias dos meus arroutados actos, os efectos da miñas precipitadas accións.

Loitamos, tropezamos, retrocedemos, caemos, erguémonos e ascendemos, ata chegar á curota, ao cumio por enriba das nubes do ben e do mal, case ata tocar o sol inclemente. Presenciamos os desfiles, os cortexos e as paradas dos soldados e das súas máquinas de destrución en perfecta e exacta sincronía, entre bandeiras, cruces, cánticos e saúdos. Oficiamos nos mitins e asembleas de precisa liturxia, de estudada iconografía onde afoutamos e aguilloamos as masas de obreiros e burgueses, descontentas co rumbo do país e fartas de políticos mediocres e covardes, que entolecidas e exultantes pola demagóxica e populista prédica erguían os seus brazos ao ceo cinsento, que auguraba unha treboada cada vez máis próxima, e berraban o meu nome deseguido, o nome do seu faro, do seu adaíl, do seu guía nos tempos sombrizos que se achegaban.

Xuntos mentimos, consentimos, acochamos, prometemos, matamos, arrasamos, manipulamos, ordenamos, batallamos, traizoamos, torturamos, anexionamos, ignoramos, discutimos, exterminamos, negociamos, enganamos, incumprimos, arrasamos e utilizamos para acadar os alicerces imprescindíbeis na construción da sociedade perfecta, da escintilante cidade ideal onde todos os homes, mulleres e nenos puideran vivir en paz e

harmonía arredados dos bastardos e malnacidos, dos depravados e invertidos, dos deficientes e tolleitos, dos mainiños e diferentes.

Foi o home diminuto, e non a sobrenatural providencia como moitos creron, o que me salvou daquel mortal accidente de tráfico ou, aquel nove de novembro, da dinamita daquel carpinteiro iluminado ou, uns anos despois, no tobo do lobo, da traizón, daquel fato de suíños conspiradores, daqueles decadentes militares dun antigo réxime extinto que non comprendían a miña grandiosa misión, o destino divino que os fados me designaran e que eu labrara devagar coma un canteiro a pedra mística do seu porvir. Todo foron sinais e fitos, de que debía seguir coa miña tarefa, coa miña titánica angueira, de que non me debía render, de que debía redobrar esforzos e continuar cara a adiante con determinación, malia os milleiros de caveiras que triscaban baixo as miñas botas, sen ollar xamais cara a atrás, sen arrepentimento nin compaixón polas inferiores vidas daqueles que non son dignos de existir.

Pero agora o home diminuto mudou en vil inimigo, en desleal camarada, e fica calado, o latriqueiro do carallo, neste momento final, tan próxima a derradeira e definitiva derrota, o xuízo final onde nos presentaremos espidos ante o gran facedor, ante o todopoderoso creador. Na hora da deshonra e da vergoña cando me invade o desánimo e a desesperanza, cando vivir parece que non serviu de nada, abandóname como as ratas o buque fantasmal, deserta como un covarde choromicas das divisións do meu exercito, antano invencíbel e vitorioso en tantas e tantas batallas, lides e refregas. Se cre que no seu silencio está a súa redención, trabúcase, será a historia a que nos absolva, a que me absolva, a min, ao fillo de Clara, ao forxador de vontades e destinos na fragua telúrica da nosa grande nación, ao Soldado que salvou e uniu o que conquistou o Rei, conformou o Príncipe e defendeu o Mariscal de Campo.

Hoxe, trinta de abril de mil novecentos corenta e cinco, cando os nenos de Magda aínda xogan felices polos estreitos corredores, un arrecendo mortal a améndoas agres ínzase por todos os recantos e o teito láñase e treme baixo a caída incesante dos vingativos obuses, das rancorosas bombas, por fin remataremos xuntos, como lume e zafra, como besta e parasito, como unlla e carne, na mesma terra, vizoso leite das nosas subsistencias, deste búnker baixo a chancelería lambida polas labaradas.

Esta é a conclusión e o desenlace *mein schöner kleiner freund*. Isto é a fin...




13 AGOSTO DO 2009 - NÚMERO 783

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Roi Vidal



Romat

Roi Vidal

“A poesía, antes que nada, é un xogo agresivo coa linguaxe”. Deste xeito describe Roi Vidal (Compostela, 1982) a súa incansable exploración poética, unha vertente da súa polifacética creación (séntese sobre todo autor dramático pero tamén se move no terreo da narración) que puntualmente recolle Revista das Letras nos seus monográficos de verán. Activista en proxectos como o grupo musical Ataque Escampe, actor e director teatral, Roi Vidal entrega agora *Romat*, seis poemas nos que, fiel aos seus principios estéticos, retorce as palabras cun infalible instrumental lúdico. “E pensar que //”, escribe en *Kindetotenlieder*, “toda a infancia a nos matar na bicileta sen rodiñas // para acabar adelgazando na bicicleta estática”.

Exiptoloxía

Logo de compararmos vertedoiros con estómagos
a discoteca coa morte do faraón
propuxémonos bailar aquela disciplina rusa
e ao vírseos enriba a madrugada
calculamos a posibilidade cos métodos científicos
que eu aprendera lendo supermán

Lonxe, a moda da música francesa
a viaxe que se estende logo do final
os corpos a se amar sen pel debaixo do dillei

mais dancemos, dancemos

contra o baile como ritual de paso
contra a ausencia
contra a non-resurrección

–Nunca fun amiga de me entreter co corpo, pero ti es unha serea que colle en cada cunca
e eu póño-me cursi como podería poñerme corsé

lixo e vértebras
labios e recordos a embebedarse en látego-----

(e como non utilizar parénteses que se estenden máis alá da dor do látego,
máis alá da liña que chamamos fronteira pero é dor)

Minto

propuxémonos bailar e iso é o que conta
e conta estar aquí a bailar contra o planeta
e conta este poema que nunca creu na morte
na súa propia enfermidade de non saberse máis ca texto

texto
que se destece nos recordos
nas ausencias
no medo á non-resurrección

- - - - -

xa que cada pílula de vida contén un password que descifra mortes xeroglíficas

Funambulismo

Despois de tantos metros, 1950 ou o silencio do ruído
a supermarioneta resulta non ser unha heroína
prefire o tacto do fío contra o gume da tesoir
desiste da liña que se estende dende a mamila ao látego

Alí onde hai lembranzas que nomeamos abismos mais son chairas
alí onde as agullas non derreten cos reloxos
nós saltamos no mañá a tormenta dos suicidas
afogamos a vertixe dentro da loucura

Condenadas por sempre ao maior espectáculo do mundo
saltamos a unha morte discontinua, circular, francesa e amarela:
dispárame unha sílaba ensanguentada de futuro
desángrame un mañá xa repetido na palabra noite
analiza o pracer
foza na dor
quérete escrava

Mais lembra, cando saltes: lembra que é o arame e non es ti quen baila

Apartheid

Agora que non es de lume e primavera xa paxaro que te agochas
prohíbete do vento e escóltame de paso:
lémbrote naquel cantar enmudecido paxaro que non ardes
instrúesme na fórmula do 1939+1978
infánciote coa mentira do me deixares falar
do mundo, o bilingüismo dodecafónico e as acrobacias da cama

porque hai nenos que morren e hai nenos que matan
e hai nenos que se incendian e nenos que naufragan
pero a morte, a morte non é unha escura dama con gadaña
a morte é Mary Poppins levándonos ao circo, á manifestación do Día da Patria
a morte son, desculpen esta rima, a morte son as cifras a ter fe nas matemáticas

(ensíname a matar, ensíname a matar
que teño triste a lingua
e necesito amar)

_e non esqueceréi este nordés, e non resistirei esta derrota

Nenos mortos e nenos homicidas, a propia morte na súa tópica figura
agora si tal e como a coñecemos segundo o filme *O sentido da vida* dos Monthy
Phyton
xogando a se tirar pola ventá
sen capa

–e non resistirei este nordés, e non esqueceréi esta derrota!

Xorden

Xorden tímpanos escuros ou a arte de calar
O silencio é tentación e teima, un vaso de sede con manchas de cerume
e non poder dicir esta melodía rompe-labios dos meus versos-cela

Agora, o son opaco da memoria: o silencio é desacougo e liberdade na orella da
dereita
números de teléfono, cabelo de animal e confeti na orella da esquerda
Beethoven, Beethoven cando cala a orquestra
agradecendo o máis inútil dos aplausos

e ti berrándome en cirílico que se cadra e que tamén e que nunca
tocándoa outra vez Sam e non poder sentir os berros do orgasmo ou viceversa
doe
iso dóeme na electricidade das uñas, no paro dos superheroes
dóeche na bala que aloumiñamos quente,
iso manca dende Ortegal ao Miño
pasando polas témporas

-Atentemos contra a otomicose, contra a serea Roiriz asubiando metáforas virís
en Ponteceso
(eu comendo peixe con otorrea e patacas)
e doe como a choiva da mañá, contra a otoraxia
Outra vez. Toda. Até rebentarme.
Tócame outra vez, Beethoven

Beethoven a foder no máis sincero violonchelo

porque iso é o que somos: vítimas culpábeis de inocencia
agradecendo o máis inútil dos aplausos, das consignas, dos silencios.

Loucura

Roubada luz da boca coma quen di quixera verte hoxe asolagada
espertar dentro do soño no que ti me soñas
matar segundos a trabadas como un bivalvo insomne
nun recuncho insospeitado desesperada perla busca

mais aí, non me preguntes que me gustaría ser
porque libremente quero ser psicópata
que me obrigues a firmar diagnósticos nas sabas
penetrar todos os Roschachs que me ofrezas
en cada casa rosa, en cada ruído da parede, en cada físgoa das persianas
non dicir son teu faime o que queiras senón furarte con preguntas
sementarásme a dúbida ou cúspoche respostas como
non perder o ritmo, arde a respiración no máis forte dos montes,
incéndiate maldita, quéimame a fachenda, cóbrame as fracturas, dime
que nunca me has querer
que nunca nunca me has querer
que nunca,

quizais mañá, tormenta
lóstrego do verán no interior de cada orella

convérsame na ciencia
chóveme formol (roubada luz da boca)
secuéstrame da nada

Kindertotenlied

Mais a depresión continúa logo dos silencios
do cheiro a marmelada no gume do solpor e os saloucos da ducha

Quero –quixo dicir– que a vida...

e non ficar durmido se non é na suciedade destas sabas
onde todo é húmido e nunca chega o tempo

Nenos que morren e nenos que matan
a propia morte xogando a se tirar pola ventá

Quero
mais eran todo cómics o que pensamos lenda,
foran nada e soño o que miramos tempo
e viñeron e dixeron e calamos
e as onomatopeas e os xoguets que cantaban

e pensar que
todo sería tan distinto se nas camas e as fronteiras
e pensar que
toda a infancia a nos matar na bicicleta sen rodiñas
para acabar adelgazando na bicicleta estática

20 AGOSTO DO 2009 - NÚMERO 783

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Olalla Cociña

Vrao

Texto: **Olalla Cociña**

Fotografías: **Mala Müller**

Olalla Lojo



Olalla Cociña (Viveiro, 1978) volve amosar nestes seis poemas sen versos que publica en papel Revista das Letras a súa concepción da poesía como “unha celebración da realidade” e un xeito de “conexión co mundo, coa vida”. A memoria, a infancia, o amor... latexan en *Vrao* como noutras obras da autora, co dominio da linguaxe e a intensidade evocadora que caracteriza a súa poética, confluínte coa doutras autoras nadas na mesma década como Olga Novo, Lupe Gómez ou Elvira Riveiro. Xornalista de profesión, Olalla obtivo no 2000 o premio de poesía *O Facho*, e no 2004 conseguiu o segundo premio na XVIII edición do certame literario da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellà (Barcelona). No mesmo ano logrou o VIII Premio de poesía Avelina Valladares por *As cervicais da memoria*, tras o que publicou, *Aquí (intemperies)*, unha escolma de textos, parte deles tirados do seu blog. En marzo de 2008 gañou, ademais, a oitava edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño por *Libro de Alicia*.



Sur

Non era preciso que me levaras tan lonxe para impresionarme. O deserto de Almería teríame valido de sobra. A paisaxe lunar ofrecéndome espazo para o noso western. Fantasiar cunha vinganza. O ceo amarelea por riba de nós que camiñamos dereitiñas ao salón.

Entramos con paso decidido e facemos abanear as portas ao máis puro estilo cowboy. Sen importarnos o que poida pasar ás nosas costas, porque sabemos en que momento debemos dar a volta e a quen apuntar. As nosas esporas de prata enlamada relocaen contra os vasos de cervexa e saltarican nas meniñas dos clientes que ao vernos deixan de beber aburridos.

Facémolo. Limpas, elegantemente. Non se escoita un chío. Respírase entre a xente do bar un abraio unísono. E saímos, abaneando as portas de novo. É o único aire que se sente en toda a escena.

A morte tiña un prezo e tu paras agora para mirar o infinito e acender un puro nas fogueiras que imos atopando polo camiño. Queres celebrar a vitoria, mais erras nas formas. Non sabes que a fogueira aquí é unha trampa mortal, que o lume no noso western non se afronta así. Que o abrazo, o recoñecemento do público, non pode forzarse. E fumando esvaécete e intúeste ferida de morte, igual que intúen a traizón os mariñeiros cando alguén nunha casa acende un cigarro coa chama dunha vela. A túa ánima reunírase pronto coas dos indios mortos de verdade en tantas películas.

Trouxéchesme a este continente de ficción en plan sorpresa e eu aquí fiquei. Agora asubío divinamente e son un as montando a cabalo. Non darías creto se me vises. Cando o peso da soidade me abafa sei perfectamente cómo manexar o lazo que se pecha no aire para pechase nese nó perfecto que todo o consegue atrapar.



Norte

A finais do vrao leváchesme de viaxe pola costa norte e en cada parada eu anotaba escrupulosamente os nomes das vilas, difíciles e escarpados como a súa propia orografía. Tu relaxábaste despois de aparcas e soltar o volante, cando por fin podías apartar tanta curva e precipicio da vista para prender con tranquilidade un cigarro. A min poñíame moi contenta calzar as chaparritas verdes, saír do coche dando un portazo e baixar ata o final das calas ás carreiras.

Levei o reconto do noso abrupto percorrido día tras día setembro adiante. Tamén describín como eran as nubes a medida que os días de calor ían marchando, e podo asegurar e corroborar que nunca, ningún día, repetiron forma nin cor.

Se cadra esperaba algunha sinal, un vento frío que anunciase a chegada do outono para poder dicirche, co indicio nos labios:

–Regresamos?

Mais nunca fun eu de natureza intuitiva nin afouta e foime imposíbel ventar o peso do regreso natural, a volta á casa, home sweet home, ocupada como estaba na catalogación dos lugares. Así que cando me propuxeches volver cada un por unha estrada diferente decateime de que as palabras escritas nos meus cuadrantes, nas descricións, fallaba a semántica, e que por máis empeño que puxeses en lelas non serías quen de interpretalas.

Era causa da miña caligrafía obtusa ou das túas lentes mal graduadas? Difícil orquídea.



Agosto

Agosto era un mes de chicle: estirabámolo ao noso antollo e daba todo de si. O sol abríanos as arterias e o salitre fortalecíanos os pulmóns: non había día que non saíramos a primeiriña hora da casa en plena forma. Un só destino: a praia. O Cantábrico era noso desde o primeiro raio do amencer ata o último baño, mergulladas as amigas ata o pescozo canda o sol, nunha cerimonia de feliz despedida que agora se me antolla case matrimonial.

De camiño á casa entretíñame mirando as túas meniñas: nelas contemplaba as miñas propias. Antes de durmir metías as maos nos petos do pixama e morta da risa botabas ao aire un puñado de area, e adormeciamos cun sorriso na boca, tapadas cunha saba e a pel fervendo.

De tanta praia que papábamos acabaron por nacer nos ollos diminutos acuarios onde chapuzaban camaróns e robalizas pequenas. Os mesmos peixes que de día nadaban canda a nós acariciándonos as coxas pola noite escintilaban debaixo das nosas pálpebras. Algunhas veces, mentres durmiamos, sentiámoslos esvarar ata a boca e era case coma se nos pedisen que os liberásenos da súa prisión. Daquela devorabámoslos sen remorso ningún: amodo, gustosamente.

A finais de agosto apareceu Fidel coma un suspiro. Veu onda a nós enfundado nun traxe de neopreno. Só se lle vía a cara: un sorriso franco, a barba de días. Traía nunha bolsa de rede uns cantos ourizos, xibas, polbos e cangrexos para nos ensinar. Foi doado afacerse a que cada día Fidel viñera onde a nós a ensinarnos os seus trofeos. Prestábanos admirar os polbos. Tardaban horas e horas en morrer, e na última agonía aínda tiñan forza para chuparnos a pel coas ventosas se lles pasabamos as maos sobre o seu corpiño viscoso, divertidas e crueis.

Agosto foi infindo ata que no seu estertor Fidel pasou á nosa beira mentres dabamos conta dun bocadillo debaixo dun piñeiral. Miroume en fite, non traía consigo nin unha triste estrela de mar. Só observou que eu xa non tiña idade para andar sen a parte de arriba do biquini. Mireime sorprendida e decateime da existencia dos meus peitos. E desde ese momento xa nunca máis agosto volveu a ser igual, da mesma forma extensa. Ao ano seguinte empecei a riscar no almanaque os contornos dos seus trinta e un días.



Barca

Quen non imaxinou algunha vez que a súa cama era unha barca. Nosoutras tamén tiñamos o noso fráxil territorio no mar que dan as sabas e a escuridade. O edredón atábase á cabeceira da cama polas puntas, con dúas gomas do pelo, e así xogabamos a sobrevivir fronte a un mar de crocodilos, crocodilos famentos que eran MOI perigosos, tanto que non podíamos quitar os pés por fóra da lancha, porque nos roerían de inmediato.

Niso consistía a nosa existencia, en non sacar os pés por fóra NUNCA. Eu facía o almorzo, o xantar e a cea cos froitos mariños –pequenos cangrexos, caramuxos, peixiños despistados– que de cando en vez entraban na nasa cativa que tiñamos atada á proa. A filla comía todo sempre sen protestar. A filla nunca daba problemas, pero o mar, o mar era maleducado e salvaxe. De cando en vez viña unha onda tsunami, un maremoto e arrastrábanos e facíanos caer, nun terrible centrifugado. Ás veces eu perdía de vista á filla, que rozaba as fauces dos imponentes e negros crocodilos e a min, a mai, dábame nun ataque de pánico.

Á fin sempre conseguía recuperar a filla, e volvíamos á nosa branda lancha, e non había un minuto de quietude pero eramos felices no calor, agochadas dentro dese estoxo que sabíamos branco e de algodón pero víamos negro e perigoso, ao lonxe as regañas de luz por onde entraba a mañá e empezaba a arrecender a torradas con manteiga, tona e colacao. Porque estabamos aterrorizadas, si, pero eramos incapaces de empezar o día sen comer as nosas torradas.



Recreo

Como era de natureza insomne, de mañá calquera runrún lle daba sono. Durante as clases entresonaba un rumor de patos salvaxes e do patio do recreo facía o seu areal. Hoxe alégrase ao coincidir cos antigos compañeiros de aula que evocan eses días felices que-xa-non-volverán. Todos van directos a eses vinte e cinco minutos de lecer nos que a vida se lles ía en atinar coa pelota na canastra, en meter fungueirolos cun balón de fútbol todo roído ou cobre-guear coas rapazas no xogo do brilé.

Ela non. Ela garda entre as tempas e o van unha areeira inmensa, co mar enfronte, un soño salgado. Porque minúsculos cachiños de cunchas e minchas conformaban o patio, inmediato ao peirao, e se pechaba os ollos os berros da animación dos xogos e as leas transportábana a unha praia descoñecida, lonxe de alí, se cadra nun recóndito refuxio no Algarve, a xulgar polo ritmo das ondas. E durmía uns minutos e facíaselle a boca auga na gorentosa e marítima profundidade que a anainaba, ata que soaba a serea e non quedaba outra que volver á realidade e ás matemáticas.

Sempre a rentes do chao, sentada enriba das pedras, os demais pensaban que viña de xogar soa ás canicas.

Única

Non nomees a súa presenza, acaso queres que alguén máis saiba que está por acó? Di que é só unha visita agradable, que pronto marchará, nuns días. Pasouche algunha vez que quixeches estar soa nun concerto, ou no cine. Soamente para ti os bises, a íntima emoción mecanografándose nos títulos de crédito. Cantas veces desexaches exiliarte a un país onde ser a única posuidora dun cofre vibrante, dunha caixa de pandora nunca aberta. Non por egoísmo, senón por pura paixón. Así que agora, tamén, cala, porque de facer mención do seu existir abaixaría a cabeza, decepcionada, e iríase de onda a ti contra o mediodía, escondida no furgón das señoras que venden o peixe na praza.


E ademais, que máis queres? Tes na lingua un único sabor a chocolate, tes nun papel dentro dun sobre o seu truco de maxia, o que fai que se che dobren así de fácil os xeonllos. Así que non o leas en alto, non o compartas nunca.



27 AGOSTO DO 2009 - NÚMERO 784

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Ouveo


O paso do tempo non fixo máis que agrandar o significado e forza brutal de *Ouveo*, o poema que converteu a Allen Ginsberg (1926-1997) nun dos grandes poetas americanos do século XX. A obra, prohibida nos Estados Unidos pouco despois da súa publicación no 1956 pola súa linguaxe explícita e a súa radical experiencia lírica, chega agora aos lectores galegos en tradución de Xoán Abeleira, na que é a primeira edición anotada dun texto tan complexo como escuro en moitos dos seus significados. A tradución forma parte dun proxecto compartido entre Abeleira e o compositor Borja Costa que leva por título *Música para un ouveo* e que se estreará o día tres de setembro na Coruña.

Ouveo

Allen Ginsberg

Tradución: Xoán Abeleira

A edición que hoxe aparece en *Revista das Letras* consta de case corenta notas que revelan algúns dos segredos do texto pero que, sobre todo, facilitan a comprensión dos nomes e das historias que sucen este longo poema, escrito por Ginsberg –segundo conta a lenda– baixo os efectos do pexote. Comunista, homosexual, pai intelectual de Patti Smith, mozo de Neal Cassady, compañeiro eterno do poeta Peter Orlovsky, amigo de Kerouac ou de William Burroughs, xudío de orixe, budista de práctica, activista da liberdade até os últimos días e poeta visionario de palabra desbordante, Allen Ginsberg representa a esencia dunha época e dunha xeración que fixo da súa propia vida un proceso de revolución continua.



Eu vin as mellores mentes da miña xeración destruídas pola tolemia, esfameadas históricas núas, arrastrándose polas rúas dos negros ó amencer á procura dun *buco*² furioso, *hipsters*³ con cabeza de anxo devecendo pola antiga conexión celestial á estrelada dínamo da maquinaria nocturna, quen pobres e farrapentos e cadavéricos e *colocados* reclináronse fumando na negrume sobrenatural dos pisos de auga fría que aboiaban por entre os cumios das cidades matinando co jazz⁴, quen expuxeron os seus cerebros ó Ceo baixo o Eli⁵ e ollaron anxos mahometanos cambaleándose nos tellados iluminados das casas de aluguer, quen pasaron polas universidades cos seus radiantes ollos imperturbables alucinados imaxinando Arkansas e unha traxedia de luz-tipo-Blake entre os eruditos da guerra⁶, quen foron expulsados das academias por tolos e por publicaren odas impúdicas nas xanelas da caveira, quen se engruñaron de medo nos seus cuartos sen barbeárense en roupa interior, queimando os seus cartos na papeleira e sentindo o Terror a través da parede, quen foron arrestados coas súas barbas púbicas ó volveren por Laredo cun cinto de marihuana para New York, quen comeron lume en hoteis pintados ou beberon trementina en Paradise Alley, a morte, ou purgaron os seus torsos noite tras noite con soños, con drogas, con pesadelos que os acordaban aterrados, alcol e verga e bailes sen fin, incomparables rúas cegas de nube arrepiante e lóstrego na mente chimpando cara ós polos extremos de Canadá e de Paterson, alumeando entre medias todo o mundo inmóbil do Tempo, sensacións de solidez dos salóns por mor do pexote⁷, albas de cemiterio cunha árbore verde no patio traseiro, borracheiras de viño encol dos tellados, rueiros de escaparates percorridos en coches roubados por diversión baixo os efectos da marihuana con luces de neon de tráfico pestanexantes, vibracións de sol e de lúa e de árbore nos solpores ruxintes do inverno en Brooklyn, sucias⁸ esbardalladas e amable luz raíña da mente, quen se encadearon ós metros para percorreren o interminable traxecto dende Battery ó santo Bronx cegos de anfetamina ata que o bruído das rodas e dos nenos os fixo caer tremelicando coa boca desencaixada e o cerebro esmorecido completamente mallados despoixados de todo brillo su a luz lúgubre do zoo, quen afundiron toda a noite na luz submarina de Blickford's emerxeron aboiando e sentaron no desolado Fugazzi's perante unha cervexa rancia⁹ ata despois do mediodía sentindo o estralo do funesto destino¹⁰ na gramola de hidróxeno, quen parolaron arreo durante setenta horas indo do parque ó seu burato¹¹ ó bar a Bellevue ó museo á ponte de Brooklyn, un batallón perdido de platónicos conversadores chimpando dende as varandas dende as saídas de incendio dende as fiestras dende o Empire State dende a lúa abaixo, laretando berrando golsando moumeando feitos e lembranzas e anécdotas e patadas no ollo¹² e electrochoques nos hospitais e as falconas e as guerras, cuxos intelectos vomitaron en retirada total durante sete días e sete noites cos ollos escintilantes, carne de sinagoga¹³ guindada ó pavimento, quen se esvaeceron na New Jersey zen de ningures deixando un ronsel de ambiguas postais do Atlantic City Hall¹⁴, cun *mono* espantoso a padecerem suores orientais e estralos de ósos tanxerinos e xaquecas chinesas no cuarto miseramente amoblado de Newark¹⁵, quen erraron a media noite cruzando dun lado ó outro as vías da estación preguntándose ónde debían ir, e foron, sen deixaren atrás ningún corazón roto, quen prenderon cigarros nos furgóns furgóns furgóns que troupeleaban a través da neve cara ás

granxas solitarias na noite do avó,
 quen estudaron a Plotino Poe San Xoán da Cruz telepatía e cábala *bop* porque o cosmos vibraba ins-
 tintivamente baixo os seus pés en Kansas,
 quen vagaron só polas rúas de Idaho á procura de anxos visionarios indios que fosen anxos
 visionarios indios,
 quen coidaron que non eran máis ca unha *panda* de tolos cando Baltimore lampexaba nunha
 éxtase sobrenatural,
 quen subiron correndo a unhas limusinas co Chinés de Oklahoma arrastrados polo pulo dun balón
 invernal su a luz dos farois dunha vila de madrugada,
 quen lacazanearon famentos e só por todo Houston buscando jazz ou sopa ou sexo e seguiron o
 brillante español para conversaren sobre América e a Eternidade, unha tarefa inútil, e daquela
 embarcaron rumbo a África,
 quen desapareceron nos volcáns de México sen deixaren atrás ren agás a sombra dos seus pantalóns
 vaqueiros e a lava e a cinza da poesía espallada no lar da cheminea Chicago,
 quen logo reapareceron na Costa Oeste para investigaren o F.B.I. con barbas e pantalóns curtos
 grandes ollos pacifistas tan atractivos coa súa pel bronceada a distribuíren folletos
 incomprensibles,
 quen furaron os brazos con cigarros acesos para protestaren contra a néboa de tabaco narcótica
 do Capitalismo,
 quen repartiron panfletos súper comunistas en Union Square saloucando e espíndose mentres
 as sirenas de Los Álamos os xemían abaixo ¹⁶, xemían Wall abaixo, e o ferry de Staten Island
 tamén xemía,
 quen botaron a chorar nos ximnasios brancos espidos e tremendo perante a maquinaria
 doutros esqueletos,
 quen mordeiron no pescozo os detectives e chiaron ó doután nos coches de policía por non
 cometeren máis crime có da súa propia salvaxe pederastia e intoxicación,
 quen ouvearon axeonllados no metro e foron arrincados dos tellados axitando os seus xenitais e
 os seus manuscritos,
 quen se deixaron dar por cu polos santos motoristas ¹⁷ e berraron de pracer,
 quen mamaron e foron mamados por eses serafíns humanos, os mariñeiros, aloumiños de amor
 atlántico e caribeño,
 quen foderon á manciña e á noitiña nas rosaledas e no céspede dos parques públicos e nos
 cemiterios espallando libremente o seu seme a quen for a quen viñer,
 quen imparon sen fin facendo por riren pero acabaron saloucando tras un tabique dun baño turco
 cando o anxo louro e espido os atravesou cunha espada,
 quen perderon os seus amantes mozos por mor das tres vellas harpías do destino, a harpía cun
 só ollo do dólar heterosexual a harpía cun só ollo que pestanexa ó saír do útero e a harpía cun
 só ollo que non fai máis ca sentar no seu traseiro e cortar coas súas tesoiras os dourados fíos
 intelectuais do tear do artesán,
 quen copularon extáticos e insaciabes cunha botella de cervexa un noivo un paquete de tabaco unha
 candeia ata caeren da cama, e logo continuaron polo chan e polo corredor ata acabaren
 desmaiados contra a parede tendo unha visión da cona e da *corrida* final ¹⁸ e coutando a
 derradeira exaculación da consciencia,
 quen adozaaron as cricas dun millón de rapazas tremendo no solpor, e na antemañá tiñan os ollos
 arroibados mais xa estaban prontos para adozaaren a crica da aurora, coas nádegas
 resplandecendo baixo os celeiros, nus á beira do lago,
 que foron de putas por Colorado nunha miríade de coches roubados por unha noite, N.C., heroe se-
 creto destes poemas, xenio sexual e Adonis de Denver –aledémonos coa lembranza das súas innu-

innumerables fodas de mozas nos soares baleiros e nos patios traseiros dos restaurantes, nas escangalladas ringleiras dos cines, no cimo das montañas nas covas ou con escuálidas camareiras nos familiares solitarios levantamentos de enaguas a carón da estrada e especialmente dos seus secretos solipsismos nos retretes das gasolineiras, e tamén nas calexas da súa vila natal–,

quen se desintegraron de vagar en vastas e sórdidas películas, sentíronse transportados en soños, acordaron nun súpeto Manhattan, volveron erguerse trala caída, saíron dos sotos¹⁹ coa súa resaca de cruel viño Tokay²⁰ e os horrores dos soños de ferro da Terceira Avenida e chegaron cambaleándose ás oficinas do paro,

quen camiñaron toda a noite cos zapatos cubertos de sangue por entre as moreas de neve nos peiraos agardando que unha porta se abra en East River e dese a un cuarto cheo de fume de estufa e de opio,

quen crearon grandes dramas suicidas no seu piso nas ribeiras escabrosas do Hudson su o foco azul de época de guerra da lúa, e daquela as súas cabezas serán coroadas con loureiro no esquecemento,

quen xantaron o año asado da imaxinación ou dixeriron o caranguexo no leito lamacento dos ríos do Bowery,

quen choraron ó fitar o romance das rúas cos carriños do súper cheos de cebolas e de música ruín,

quen sentaron en caixas respirando a negrume baixo a ponte, e outra vez volveron erguerse prontos a fabricaren clavicordios nas súas bufardas,

quen tusiron no andar sexto de Harlem coroados de chamuscas su o ceo tuberculoso arrodeados de caixas de teoloxía laranxas,

quen pasaron a noite escribindo a escape abaneándose e dando voltas a elevados conxuros²¹ que logo na alba marela resultaron ser estrofas inintelixibles,

quen cociñaron animais podres pulmón patas corazón rabo *borsht*²² e tortas mexicanas soñando co puro reino vexetal,

quen se meteron baixo os camións da carne en busca dun ovo,

quen botaron os seus reloxos dende o tellado para votaren pola Eternidade fóra do Tempo, e daquela sobre as súas cabezas caeu un balón de espertadores día tras día durante a década seguinte,

quen se cortaron as veas tres veces sen conseguiren matarse, desistiron de facelo e víronse forzados a abrir tendas de antigüidades onde coidaron avellentar e choraron,

quen foron queimados vivos cos seus inocentes traxes de flanela na Avenida Madison entre estoupidos de versos plúmbeos e o choqueleio ebrio dos aceirados rexementos da moda os chíos de nitroglicerina das fadas da publicidade e o gas mostaza dos sinistros editores intelixentes, ou foron atropelados polos taxis borrachos da Realidade Absoluta,

quen se guindaron dende a Ponte de Brooklyn cousa que aconteceu realmente e arredáronse descoñecidos e esquecidos perdéndose na brétema fantasmal das quellas ateigadas de bafo de sopa e de camións de bombeiros de Chinatown, sen tan sequera unha cervexa de balde que levaren á boca,

quen cantaron desesperados nas súas fiestras, precipitáronse por unha xanela do metro, deixáronse caer pola cotrosa Passaic²³, uníronse dun chimpo ós negros, bruaron por toda a rúa, bailaron sobre anacos de botellas de viño descalzos esnaquizaron discos de fonógrafo do morriñento jazz alemán da década dos trinta apuraron todo o whisky e golsaron laio tras laio no retrete ensanguentado mentres os xemidos e o estrondo das sirenas de vapor colosais ecoaban nos seus oídos,

quen se arrebolaron a fume de carozo polas autoestradas do pasado viaxando cada un deles ó bolido–Gólgota posto de vixilancia de soidade carceraria ou encarnación do jazz de Birmingham do outro,

quen conduciron a valmontes durante setenta horas para descubriren se eu tivera ou ti tiveras
ou el tivera unha visión para descubriren a Eternidade,
quen marcharon a Denver²⁴, morreron en Denver, voltaron a Denver e alí agardaron en van, que
velaron a Denver illáronse e barrenaron en Denver e ó final volveron marchar para descubriren
o Tempo, e agora Denver síntese soa sen os seus heroes,
quen caeron de xeonllos en catedrais sen esperanza rezando pola salvación e pola luz e polo peito
de cada un dos outros ata que o sol iluminou por un intre os seus cabelos,
quen irromperon coas súas mentes na cadea agardando imposibles criminais con cabezas douradas
e o engado da realidade nos seus corazóns quen cantaron doces blues a Alcatraz²⁵,
quen se retiraron a México a cultivaren unha adicción²⁶, ou ás Montañas Rochosas para ofrecérense ó
tenro Buda ou a Tánxer ós rapaces ou ó Pacífico Sur á negra locomotora ou a Harvard a Narciso
ou a Woodlawn ás orxías²⁷ ou á tumba,
quen esixiron que lles xulgaran o seu grao de cordura acusando á radio de hipnose e o tribunal
deixounos coa súa loucura e as súas mans e unha sentenza pendente,
quen zocharon ensalada de pataca a uns conferenciantes da CCNY²⁸ que pretendían falar sobre o
Dadaísmo, e logo presentáronse nos chanzos de granito do manicomio coa cabeza afeitada e
un discurso de arlequín sobre o suicidio, pedindo que lles fixeran decontado unha lobotomía,
e ós que en troques aplicaron o concreto baleiro da insulina Metrazol²⁹ descargas eléctricas
hidroterapia psicoterapia terapia ocupacional pimpón e amnesia,
quen protestando seriamente envorcaron unha soa simbólica mesa de pimpón e ficaron un intre
en estado catatónico,
voltando anos despois carecos de todo agás por unha lixeira perruca de sangue, e de bágoas e
dedos, ó visible funesto destino do tolo nos distritos³⁰ das tolas cidades do Leste,
nos salóns fedorentos de Pilgrim State Rockland e Greystone, a rifaren cos ecos da alma, a
abalárense e remexérense a media noite no banquiño da soidade nos reinos dolmens do amor,
o soño da vida un pesadelo, os corpos transformados en pedras tan pesadas coma a lúa,
con madre finalmente [*****]³¹, e o derradeiro fantástico libro guindado pola fiestra do piso de
aluguer, e a derradeira porta pechada xusto ás catro da mañá e coma repetición da xogada
o derradeiro teléfono arrebolado contra a parede e a derradeira habitación con mobles baleirada
ata a derradeira peza de mobiliario mental, unha rosa de papel marelo retorta nunha percha de
arame do armario, e mesmo iso imaxinario, nada agás un nada de alucinación esperanzada–
ah, Carl, mentres ti non esteas a salvo eu non estarei a salvo, e agora estás realmente na absoluta
sopa animal do tempo–,
e quen correron daquela polas rúas xeadas obsesionados cun súpeto lampo da alquimia do uso da
elipse o catálogo a unidade métrica e o plano vibratorio,
quen soñaron e fixeron buratos³² encarnados no Tempo e no Espazo con imaxes xustapostas, e
pillaron o arcanxo da alma entre 2 imaxes visuais e uniron os verbos elementais e xuntaron o
substantivo e o guión da consciencia choutando coa sensación de *Pater Omnipotens Aeterna
Deus*
para recrearen a sintaxe e o ritmo da pobre prosa humana e ficaren diante vosa³³ sen fala e
intelixentes e tremendo de vergoña, mais negándose a confesaren a alma para axeitárense
ó compás do pensamento na súa espida e infinda cabeza³⁴,
o vagaxeiro³⁵ demente e o anxo *beat* no Tempo³⁶, descoñecidos, mais escribindo aquí o que debería
quedar sen dicir no tempo posterior á morte,
e erguéronse reencarnados nas fantasmagóricas vestiduras do jazz na sombra do corno dourado da
banda³⁷ e con el interpretaron o sufrimento da mente espida de América por amor ata
transformalo nun berro de saxofón *elí elí lamma sabacthaní*³⁸ que estremeceu e derrubou ata a
derradeira radio das cidades
co absoluto corazón do poema da vida extirpado dos seus corpos bo para comelo durante mil anos■

Notas

1.- *Howl for Carl Salomon* (chamado nun principio simplemente *Strophes*) foi lido por vez primeira no célebre recital da Six Gallery de San Francisco que cambiaría o curso da literatura estadounidense. Nel, amais de Ginsberg, participaron Gary Snider, Philip Lamantia e Philip Whalen, aínda que entre o público se achaban, entre outros, Lawrence Ferlinghetti (que logo publicaría o libro), Jack Kerouac, Michael McClure e Kenneth Rexroth. Na entrada da Wikipedia pertencente a Ginsberg pode lerse unha pequena análise das partes do poema.

2.- *Buco*: Ou chute, no argot das drogas.

3.- *Hipster*: Nos anos cincuenta, fanático do jazz en xeral e do *bebop* en particular; persoa in, ó corrente das últimas tendencias, aínda que nos anos sesenta pasou a denominar tamén os *rebeldes* que, coma Ginsberg, se enfrontaron ó Sistema.

4.-O verbo *to contemplate* ten aquí, claramente, o senso de “*to think deeply about someone or something*”, non de “fitar, observar”.

5.- Ginsberg xoga con varios sentidos deste enigmático termo que ningún tradutor se molestou en buscar ou aclarar ata o de agora: *El* e *Eli* (en hebreo, ver nota 38) son dúas das moitas formas semellantes que existen nas antigas linguas semíticas para designar “o Deus Pai” de todos os deuses, “o Creador da Terra” (v. artigo na Wikipedia inglesa). Por outra banda, El designa en inglés “a distancia angular por riba do horizonte (en especial dun corpo celeste), mais tamén é o nome co que se coñece o tren ou metro eléctrico que vai por riba e por fóra dalgunhas cidades.

6.- Nalgunhas das lecturas que fixo Ginsberg, leu este verso coma “os eruditos *do diñeiro* e da guerra”.

7.- Pexote ou “peiote”. O DRAG non recolle o nome deste alucinóxeno empregado polos xamáns da América Latina.

8.- *Ashcan* ou *Ash Can*, “cubo ou caldeiro de lixo”, é un termo que alude a unha escola artística de principios do século XX, semellante ó que hoxe coñecemos coma “realismo sucio”.

9.- *Blickford’s, Fugazzi’s*: Dous bares–restaurantes de New York. Jack Kerouack foi quen introduciu a Ginsberg no ambiente hipster do Fugazzi’s, baseándose no cal concibiría aquel a súa novela *The Subterraneans*.

10.- *Destino funesto: Doom* , ás veces tamén entendido coma o “Día do Xuízo Final”.

11.- *Pad* –en argot “piso ou cuarto”– entraña cando menos un xogo de palabras no caso de Ginsberg e os seus amigos escritores, xa que o termo tamén significa “taco de folios”.

12.- Segundo o artigo da Wikipedia dedicado ó poeta, “Ginsberg also made an intense study of **haiku** and the paintings of **Paul Cézanne**, from which he adapted a concept important to his work, which he called the “Eyeball Kick”. He noticed in viewing Cézanne’s paintings that when the eye moved from one color to a contrasting color, the eye would **spasm**, or “kick.” Likewise, he discovered that the contrast of two seeming opposites was a common feature in haiku. Ginsberg used this technique in his poetry, putting together two starkly dissimilar images: something weak with something strong, an artifact of high culture with an artifact of low culture, something holy with something unholy. The example Ginsberg most often used was “hydrogen jukebox” (which later became the title of an opera he wrote with Philip Glass). Another example is Ginsberg’s observation on **Bob Dylan** during Dylan’s hectic and intense 1966 electric-guitar tour, fuelled by a cocktail of amphetamines, opiates, alcohol, and psychedelics, as a “**Dexedrine** Clown”. The phrases “eyeball kick” and “hydrogen jukebox” both show up in “Howl”, as well as a direct quote from Cézanne: “*Pater Omnipotens Aeterna Deus*”. Por outra banda, no eido da ciencia ficción, “unha patada no ollo” (*eyeball kick*) designa “un detalle perfecto, revelador que por un intre crea una poderosa imaxe visual” (Rudy Rucker).

13.- Coma na frase feita “carne de canón”.

14.- *Atlantic City Hall*: Un auditorio, salón de convencións e sala de concertos de Atlanta.

15.- *Newark*: A vila de New Jersey onde naceu Ginsberg.

16.- Imito o xogo de palabras do autor: as sirenas se laiaban, xemían, bruaban “ata derrubalos”.

17.- A imaxe semella remitir á icona representada por Marlon Brando na

película *The Wild One* (Salvaxe).

18.- No orixinal hai un xogo homófono entre cunt e come. Seica *Ouveo* é a única obra na que o termo argótico *jizzum* (ou *jizz, jism...*), sinónimo de *come*, “seme, *corrida*, exaculación”, aparece escrito así, *gyzym*.

19.- *Sotos*: Probablemente en alusión ó Fugazzi’s.

20.- *Tokay* ou *Tokaji*: Un viño elaborado a partir desa variedade de uva húngara.

21.- Xogo de palabras creado a partir da expresión *rock and roll* e dos sentidos de cada verbo que a conforman. Por outra banda, o emprego da palabra *incantation* (meigallo, feitizo, sortilexio, invocación...), en alusión á súa escrita e á dos seus compañeiros, demostra o concepto rimbaudiano, do *poeta vidente*, que Ginsberg tiña da poesía.

22.- Aínda que *borsht* é, principalmente, un tipo de sopa rusa feita con raíz de remolacha, Ginsberg semella aludir aquí, máis ben, a “calquera tipo de sopa espesa, feita con carne ou peixe”. De aí a súa alusión ó “puro reino vexetal”.

23.- *Passaic*: Cidade do noroeste de New Jersey, ó sur de Paterson, á beira dun río homónimo e altamente industrializada.

24.- Denver, a cidade na que naceu Neal Cassady, deveu nun lugar mítico, de encontro para varios dos integrantes da xeración beat, xa que alí voltaban cada vez que precisaban descansar das súas viaxes ou atoparse, como se aprecia na novela *On the Road*, de Kerouack. Cidade amada e odiada, asemade.

25.- Este verso semella unha homenaxe a un dos heroes de Ginsberg: Jean Genet.

26.- *Adicción*: Un dos sentidos do termo *habit* (comunmente “hábito”).

27.- *Daisychain* (lit. “grilanda de margaridas”) alude, no argot sexual, a “unha orxía” de tres ou máis persoas en cadea.

28.- City College of New York. Ginsberg alude a el noutros poemas.

29.- Ou pentylenetetrazol, unha droga utilizada nas “terapias de choque” coma estimulante circulatorio e respiratorio, mais que produce grandes convulsións. O pai do “invento” foi un neurólogo e psiquiatra húngaro–estadounidense chamado Ladislav J. Meduna.

30.- *Ward*: Ginsberg xoga con dous dos sentidos do termo: distrito ou barrio, e pavillón dun hospital ou sanatorio.

31.- *Fucked*, fodida, era a palabra que Ginsberg substituíu por estes asteriscos na versión publicada. A nai de Ginsberg, Naomi Livergant, unha rapaza brillante, comezou a padecer dende moi nova unha enfermidade mental por mor da cal rematou os seus días nun sanatorio psiquiátrico no cal a someteron a unha lobotomía.

32.- *Gap* significa tanto “burato” coma “intervalo ou pausa”.

33.- Ou “diante túa”.

34.- Alusión á práctica da “escrita automática” superrealista, da que o autor deste poema maxistral bebeu sen dúbida.

35.- *Bum* (volve aparecer na “Nota a pé de páxina de *Ouveo*”) significa tanto “vagaxeiro”, “lacazán” coma, en argot, “traseiro, cu”.

36.- Verso ambiguo e difícil de entender, pois pode interpretarse cando menos de tres maneiras, sobre todo porque ignoramos se o termo *beat* está empregado aquí coma substantivo, coma adxectivo ou coma verbo (*to beat in*, “aprender a base de moito repetir algo moitas veces”). Outra posibilidade sería “O demente vagaxeiro e o anxélico compás [ritmo, redobre]». Como é sabido, a palabra daría logo nome a toda esa xeración de escritores *beatnik*. Na nosa interpretación, o vagaxeiro demente podería ser Carl Salomón, e o anxo beat, o propio Ginsberg (e/ou viceversa).

37.- Horn: Nunha banda de jazz, a horn pode ser calquera instrumento de vento. Secasí, é obvio que Ginsberg está a xogar co símbolo clásico do “corno dourado”, e por iso cómpre traducir a expresión literalmente.

38.- *Elí Elí lamma sabachtaní*: As palabras que Cristo dixo na cruz: “Señor, Señor, por que me abandonaches?» Sobre El ou Eli, v. nota 5.

39.- Ou “bos [os corpos] para comer durante mil anos”, xa que ambas interpretacións son posibles.